

ENTREVISTA

Como se lles ocorreu, a Kiko Pastur e mais a vostede, fusionar nun mesmo espectáculo dous mundos tan diferentes como o do jazz e o da maxia?

-Coñecímonos no Dado Dadá de Santiago de Compostela, e a verdade é que foi Kiko quen tivo a idea de traballar xuntos. A min interesoume porque, dende sempre, tento buscar conexións con outras manifestacións artísticas: a literatura, a fotografía, a pintura... Por exemplo, o último disco meu, a septeto *Open doors*, está ilustrado polo pintor Deli Sánchez; e no anterior, a trío, púxenlle música a sete fotos en branco e negro. Este xogo multidisciplinar sempre me pareceu moi interesante, especialmente para buscarlle traducións a calquera das artes noutras disciplinas.

- Como foi o proceso de creación de Jazzia?

-A diferenza entre un xogo de maxia e unha interpretación jazzística é abismal, polo que foi un proceso moi surrealista, moi simpático. Eu estou habituado a ensaiar con músicos e a comunicarme a tra-

tas cousas que, en grande medida, foron a base da evolución. O disco a trío do que che falaba antes foi moi especial, porque quizais foi a obra que me introduciu neste aspecto multidisciplinar, neste buscarlle paralelismos á música con outros referentes artísticos. E despois fixen *Nordestin@s*, con Ugía Pedreira e con Guadi Galego, un disco fundamental no meu desenvolvemento musical porque me fixo profundizar na execución e no estudo práctico do piano só. Non era a primeira vez que facía piano só, pero si dunha maneira tan sistemática. Para min, foi unha experiencia novedosa, que me levou a sacar outra dimensión diferente do instrumento. Non tes batería, que sempre é a referencia rítmica, nin baixo, que sempre é o soporte para os graves, e iso faite madurar á forza, faiche asumir unha serie de responsabilidades co instrumento que noutro tipo de contextos máis grupais non tes.

- Por que elixiu unha formación de septeto para Open Doors?

-É unha formación que está a cabalo dun

grupo de cámara pequeno, que pode ser dende o trío até o cuarteto ou o quinteto, e dunha *big band*, na cal o arranxo e a composición concienciada son indispensábeis. Quería algo intermedio: un grupo que fose maleábel, que me dera xogo para poder ter moitos solistas, pero tamén moitas voces coas que poder traballar estritamente no plano compositivo. Á parte, dende o principio, o proxecto foi especificamente deseñado para contar coa participación destes músicos que a min me encantan.

- Logo compuxo pensando en cada un deles?

-Así é. Conteí con Alan Ferber, un trombonista residente en Nova York co que tiven a oportunidade de traballar durante tres anos nun seminario de jazz no Algarve. Gústame moito como toca, e pensaba que a banda se ía equilibrar moi ben co seu traballo. Despois está Jesús Santandreu, que é o meu saxofonista favorito da península; Perico Sambeat, que é, posiblemente, o músico de jazz máis recoñe-

cido a nivel mundial agora mesmo; Chris Kase, que é o trompetista que toca en todos os meus proxectos; e a miña nova sección rítmica, Bruno Pedroso (batería) e Nelson Cascais (contrabaixo). Digamos que todo foi deseñado partindo da base de que eu sabía moi ben que xente quería e que repertorio ía usar. Dous temas estaban gardados no caixón, algún dende hai dez anos, buscando disco. E outros son o material máis recente, temas de 2006, pero tamén de 2007. O proceso de facer este CD foi moi bonito. Ademais, estou moi contento -e esta é unha diferenza moi grande con respecto á primeira entrega- do equipo de traballo a efectos técnicos que conseguín nestes últimos anos. Falo dos estudos onde gravo, que están en Vilanova de Gaia, que teñen unha calidade extraordinaria e un dos pianos que máis me gusta dos que toquei nunca; e falo do traballo de Mario Barreiros nas mesturas; do de Álvaro Balañá na masterización... Fálloche, en fin, de xente da miña plena confianza, coa que levo feito xa sete dis-



FOTO: ELI REGUEIRA

vés do código musical: a falar do compás 4, de sol, de fa sostenido... Pero neste caso, iso esvae completamente, e un pasa a falar en termos moi metafóricos: o que lle deu, dende un primeiro momento, a esencia ao espectáculo. É dicir; nós, a partir dos nosos códigos musical e máxico, intentamos abstraernos a unha metáfora, ao concepto que subxace a ese xogo ou a esa música. E, atopando ese terreo común, tentamos ilustralo. Por exemplo, o concepto de liberación fala de que as notas que hai nun pentagrama están presas nel, e que os músicos as liberamos cando as tocamos. Para que ese proceso, que está oculto para o ollo, se faga visíbel, hai un gran pentagrama en escena con notas e aros metálicos que acaban levitando. E este tipo de metáforas son as que utilizamos arreo.

- Ademais de Jazzia, vén de presentar Open doors, a segunda entrega de Ghu! Project. Que cambios hai con respecto ao primeiro disco?

-Choveu un mundo dende o primeiro deica ao segundo, e polo medio houbo moi-

Abe Rábade

“Gústame buscar conexións entre a música e outras artes”

O pianista Abe Rábade non deixa pasar a oportunidade de xogar coas distintas disciplinas artísticas: a fotografía, a pintura, a literatura, ... e agora a maxia.

Xorde así Jazzia: un espectáculo no que, xunto ao mago Kiko Pastur, leva á escena unha linguaxe chea de xogos ilusionistas e metáforas musicais.

cos, e iso é unha tranquilidade. Eu, do primeiro disco, agora que pasaron uns anos, podo dicir que non estou plenamente satisfeito da calidade do son. Porén, neste último teño a fachenda de dicir “este é o son que eu quería”, e isto sempre é unha satisfacción moi forte.

- É, quizais, o seu disco máis personal até o momento?

-Éo. Creo que, tras anos de experiencia, chega un punto no que irremediabelmente vas entrando no lado máis personal, máis honesto... A honestidade é unha palabra que me gusta, sen connotacións morais, no sentido de dicir a verdade, de non falsear, de non creerse un personaxe, un iluminado. Iso trae consigo un punto de partida no traballo moi sincero e no cal, evidentemente, ti vas falar musicalmente das cousas que máis preto tes e que máis fondo sintes. Creo que a relación coa xente á que lle chega a túa música debería de tratarse dunha comunicación o máis sincera posible. E niso estamos. Non quero dicir con isto que eu o faga, pero dende logo si que o intento.